



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

ANUNCIO

Por Resolución da alcaldía número 456/2025 de 7 de maio aprobáronse as instrucións polas que se establecen as condicións de préstamo, temporal e gratuíto, de material asistencial do Concello de Muros que se incorporan como Anexo.

Estas instrucións entrarán en vigor dende o día seguinte a súa publicación no taboleiro de anuncios e páxina web do Concello de Muros.

Muros, 7 de maio de 2025
a alcaldesa
María Lago Lestón

INSTRUCCIÓNS QUE ESTABLECEN AS CONDICIÓNS DE PRÉSTAMO, TEMPORAL E GRATUITO, DE MATERIAL ASISTENCIAL DO CONCELLO DE MUROS

1.- OBXECTO

A Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención as Persoas en Situación de Dependencia, dispón que a atención as persoas en situación de dependencia e a promoción da súa autonomía persoal constitúe un dos principais retos da política social dos países desenvolvidos. O reto non é outro que atender as necesidades daquelas persoas que, por atoparse en situación de especial vulnerabilidade, requiren apoios para desenvolver as actividades esenciais da vida diaria, acadar unha maior autonomía persoal e poder exercer plenamente os seus dereitos de cidadán. O artigo 12.1 da referida norma establece que as entidades locais participarán na xestión dos servizos de atención ás persoas en situación de dependencia, segundo a normativa das respectivas Comunidades Autónomas e dentro das competencias que a lexislación vixente lles atribúe.

As presentes instrucións teñen por obxecto establecer as condicións de préstamo, gratuito e temporal, do material asistencial que se relaciona no **ANEXO I**, que o Concello de Muros, pon a disposición das persoas que teñan dificultades de mobilidade e que presenten dificultades económicas para asumir o custo, empadroadas no Concello de Muros.

O servizo dependerá da disponibilidad do material e da valoración por parte dos Servizos Sociais das necesidades das persoas beneficiarias e das súas familias.

Os obxectivos que se pretenden acadar son os seguintes:

- a) Favorecer a autonomía persoal no desenvolvemento das actividades básicas da vida diaria e a permanencia no domicilio das persoas con discapacidade e/ou dependencia.
- b) Axudar ás familias, así como atenuar a carga dos coidadores de persoas dependentes e/ou discapacitados, ofrecendo recursos que melloren os seus coidados.
- c) Mellorar a situación das persoas en períodos de post operación que precisen de forma temporal dalgunha axuda técnica que aumente a súa autonomía e mobilidade.

2.- PERSOAS BENEFICIARIAS.

Poderán ser beneficiarios do préstamo as persoas que cumpran os seguintes requisitos:

- 1.- Estar empadroados no Concello de Muros.



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

2.- Atoparse nalgunha das seguintes situacións:

- a.- Acreditar unha limitación funcional mediante grado de discapacidade igual ou superior ao 50%.
- b.- Ter recoñecida una situación de dependencia de grado II ou III.
- c.- Presentar patoloxías acreditadas mediante informe médico do Sistema Nacional de Saúde, que ocasionen a necesidade temporal dalgún produto de apoio á mobilidade e que acrediten a necesidade das actuacións solicitadas.

3.- Non ter dereito nin estar disfrutando desta axuda a través doutros sistemas de protección social (Sistema Nacional de Saúde, Seguridade Social, etc.).

4.- Que as condicións hixiénicas e de habitabilidade da vivenda permitan o uso do material asistencial, e que exista unha persoa responsable do correcto uso das mesmas.

3.- PROCEDEMENTO

3.1.- Iniciación do procedemento

O procedemento poderá iniciarse de oficio ou a instancia de parte.

A solicitude presentárase no Rexistro Xeral do Concello a través de modelo de solicitude que se incorpora ás presentes instrucións como **ANEXO II** e que estará dispoñible na sede electrónica do Concello de Muros, xunto coa seguinte documentación:

1. DNI do solicitante.
2. Modelo de solicitude cuberta e asinada correctamente.
3. Certificado de empadramento no Concello de Muros.
4. Documento acreditativo do grado de discapacidade ou grado de dependencia ou informe médico do Sistema Nacional de Saúde que ocasionen a necesidade temporal dalgún produto de apoio á mobilidade.
5. Xustificante de ingresos da unidade de convivencia: nóminas, xustificantes da pensión, estimación de rendementos, declaración del IRPF, etc. No caso de exención legal de presentar a Declaración da renda, presentarase certificado de estar exento de facela, no que tamén consten os datos sobre os ingresos que posúe e Axencia Tributaria (AEAT) e declaración xurada dos ingresos obtidos pola unidade de convivencia no ano anterior, achegando fotocopia de todos e cada un dos documentos acreditativos correspondentes.

Unha vez recibidas as solicitudes comprobarase que reúnen os requisitos sinalados e no caso de non ser así, requirirase á persoa interesada para que no prazo de 10 días hábiles subsane a falta ou acompeañe os documentos preceptivos, con indicación de que se non o fai, terase por desestimada a súa petición, procedendo ao arquivo da mesma.

3.2.- Valoración

En caso de que non se conte con suficiente material para o préstamo, establécese a seguinte orde de preferencia:

- En primeiro lugar, terán preferencia os usuarios do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Muros, aos que lle será aplicable, no seu caso, a valoración da situación económica que se detalla a continuación. No suposto de non resultar aplicable a valoración da situación económica, terán preferencia as solicitudes dos usuarios do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Muros, segundo a súa orde de presentación de solicitudes.

- Aquelas persoas, cuxos ingresos da súa unidade familiar de convivencia sexan máis baixos.



CONCELLO DE MUROS

(A Coruña)

Realizarase un informe social polo persoal Técnico do Departamento de Servizos Sociais sobre se o/a solicitante reúne os requisitos establecidos nestas instrucións así como das súas circunstancias socioeconómicas e familiares.

Para a valoración da situación económica teranse en conta tanto os ingresos do solicitante así como de todos os membros da unidade de convivencia, atendendo ao seguinte criterio de valoración:

- Se os ingresos da unidade de convivencia son iguais ou inferiores ao 80% do IPREM : 25 puntos.
- Se os ingresos da unidade de convivencia son iguais ou inferiores ao 100% do IPREM: 20 puntos.
- Se os ingresos da unidade de convivencia son iguais ou inferiores ao 200% do IPREM: 15 puntos
- Se os ingresos da unidade de convivencia son iguais ou inferiores ao 300% do IPREM: 10 puntos
- Se os ingresos da unidade de convivencia son iguais ou inferiores ao 400% do IPREM: 5 puntos.

Considérase unidade de convivencia da persoa beneficiaria: conxunto de persoas que habitan e gozan dunha vivenda de forma habitual e permanente, así como con vocación de estabilidade, con independencia da relación que exista entre todas elas.

Para a estimación dos ingresos considerarase calquera tipo de ingreso que perciban tanto a persoa solicitante coma o resto da súa unidade de convivencia (pensións, rendas de capital mobiliario e inmobiliario e rendas de traballo por conta propia ou allea).

3.3.- Resolución

A aprobación deste servizo concederase segundo a orde establecida no informe de servizos sociais, sempre que se cumpran os requisitos establecidos e se acompañe toda a documentación requirida.

Pasarán a formar parte dunha lista de agarda todas aquelas persoas que, cumprindo o requisito para acceder á prestación, non poidan ser atendidas de xeito inmediato por estar xa concedidas as axudas técnicas.

O expediente de concesión da prestación do servizo será resuelto mediante resolución de alcaldía, previo informe técnico dos Servizos Sociais Municipais.

Nos casos de urxente necesidade procederase á inmediateza concesión da prestación previa valoración dos Servizos Sociais do Concello de Muros.

O prazo máximo para ditar e notificar ós interesados a resolución, será de dous meses contado dende o día seguinte da presentación da solicitude. En caso de non recibir notificación entenderase desestimada a solicitude por silencio administrativo.

4.- CONDICIÓNS DO PRÉSTAMO

4.1.- O material municipal cederase en préstamo para o seu uso fóra das instalacións municipais, na vivenda das persoas beneficiarias. A persoa cesionaria será a responsable da devolución do material cedido en préstamo en perfecto estado de conservación.

4.2.- O material asistencial cedido usarase para o fin e destino que corresponde a cada ben e poderase usar durante o período necesario para a curación das doenzas ou enfermidades que requiran o seu uso.

4.3.- A devolución do material realizarase no local municipal establecido para o almacenamento do mesmo, onde un empregado ou empregada municipal supervisará que se devolve en condicións axeitadas, responsabilizándose da recollida e devolución do material o beneficiario.

5.- OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS.

As persoas beneficiarias están obrigadas a:

1. Destinar o material asistencial á finalidade para a que se outorga, recoñecendo que o material asistencial que se cede gratuitamente é propiedade do Concello de Muros.
2. A axuda técnica deberá ser destinada exclusivamente ao beneficiario, sen que poida ser arrendada ou cedida a terceiros.



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

3. O solicitante recoñece que o material entrégase en condicións óptimas de uso.
4. Facilitar toda a información requirida polos servizos sociais.
5. Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará, de ser o caso, a os servizos sociais a través do seu persoal.
6. Comunicar calquera variación que se produza na situación social e familiar da unidade de convivencia.
7. Informar, sen esconder nin falsear, sobre as circunstancias persoais, familiares, económicas e sociais que determinen a necesidade da prestación.
8. Unha vez se proceda a devolver o material, este ten que ser entregado no mesmo estado que se lle prestou.
9. Facúltase aos servizos técnicos municipais a realizar as inspeccións que consideren necesarias a prol do bo uso e correcto mantemento das axudas técnicas en préstamo. Así como tamén realizar as propostas de devolución de oficio no caso de detectar un mal uso, incorrecto mantemento ou trato, ou ben o non uso dos bens.
10. Responsabilizarse da recollida e devolución do material asistencial.

6.- CAUSAS DE EXTINCIÓN DO PRÉSTAMO

- a) Falecemento da persoa beneficiaria.
- b) Por renuncia das persoas beneficiaria ou dos/as seus/súas representantes legais.
- c) Por incumprimento das obrigas estipuladas.
- d) Por modificación da situación da persoa beneficiaria que deu lugar a concesión da axuda técnica.
- e) Por traslado da súa residencia a outro Concello.
- f) Por uso indebido da asistencia técnica, falsificación de datos ou ocultación dos mesmos.
- g) Esixencia dos servizos sociais municipais por causa xustificada, informe previo e notificación ao beneficiario/a

7.- PROTECCIÓN DE DATOS

O Concello de Muros é o Responsable do tratamento dos datos persoais que se faciliten con ocasión do presente servizo de préstamo e infórmalle que estes datos serán tratados de conformidade co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do 27 de abril, e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro.

Os datos poderán ser comunicados a outras administración públicas en caso de ser requiridos mediante obriga legal. Así mesmo, infórmase de que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, portabilidade e supresión dos seus datos e os de limitación e oposición ao seu tratamento dirixíndose a Concello de Muros en Curro da Praza, número 1 – 15250 Muros (A Coruña).

ANEXO I

INVENTARIO DE MATERIAL ASISTENCIAL

- 4 CAMAS ARTICULADAS
- 3 GRÚAS
- 4 ASENTOS DE DUCHA



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

ANEXO II

SOLICITUDE DE PRÉSTAMO DE MATERIAL ASISTENCIAL

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME E APELIDOS	
DNI	
ENDEREZO	
LOCALIDADE	
TELÉFONO	
Enderezo electrónico	

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (representante legal ou gardador de feito)

NOME E APELIDOS	
DNI	

Solicito o préstamo de: _____

E a tales efectos suscribo esta solicitude de préstamo coas seguintes cláusulas que acepto en tódolos seus termos:

- A) Coñezo as instrucións polas que se establecen as condicións de préstamo de material asistencial do concello de Muros, e comprométome a devolver o material no prazo e nas condicións recollidas na mesma.
- B) Declaro que o material solicitado é de propiedade do Concello de Muros.
- C) Acepto e asumo persoalmente o deber de conservar o material cedido en perfecto estado e de devolvelo no prazo correspondente.
- D) Recibo o material cedido en perfecto estado de conservación.
- E) Declaro o meu deber de non ceder o material cedido, por ningún título ni prazo, a terceiras persoas.
- F) Autorizo expresamente ao Concello de Muros e aos traballadores sociais municipais, para o almacenamento, tratamento, custodia e conservación dos datos persoais recollidos na presente solicitude ou derivados da mesma.
- G) Declaro coñecer que calquera modificación ou anulación dos datos persoais deberase levar a cabo ante o Concello de Muros.

E para que conste, asino o presente en Muros, a _____ de _____ de 20____

A/O solicitante / representante / gardador de feito.

Asdo. _____